

## Cambios nas directivas de Asomúsica e COAEM

Achegado por Administrator  
viernes, 30 de noviembre do 2018  
Última actualización lunes, 18 de marzo do 2019

Este outono foi moi movido en canto a organización interna se refire. De acordo co funcionamento da COAEM, decidiuse na asemblea do 27 de outubro en Madrid que corresponde á nosa asociación asumir-la presidencia da Confederación, tarefa que aceptamos con ilusión e non poucos nervios!

Queremos publicamente agradecer ás anteriores presidentas da COAEM, Raquel Hernández (Apromusna, Navarra) e Blanca Domínguez (Apma, Aragón) o seu traballo e a súa disposición a colaborar con Asomúsica nesta singladura, así como a tódolos membros de tódalas asociacións integrantes a confianza depositada en nós e o seu apoio para esta tarefa.

A presidencia da COAEM queda así integrada:

- Presidenta: Almudena Vidal

- Vicepresidente: Seso Durán

- Secretaria: Irene Caeiro

- Tesoureiro: Benito Buide

- Vocal: Beatriz Alonso

En Asomúsica toca tamén un cambio na nosa directiva, tra-la asemblea de Santiago de Compostela e os cambios na COAEM. Temos que agradecer tamén a Joaquín Díaz, a Lina González e a David Barros que se brinden continuar na nova directiva, servindo de ponte así nesta nova e ilusionante etapa. A nova directiva de Asomúsica queda como segue:

- Presidenta: Blanca Bello

- Vicepresidenta: Lina González

- Secretario: Joaquín Díaz

- Tesoureiro: José Antonio Mato

- Vocais: David Barros e Javier Regueiro